

ANEXO V
Certificación de servizos

Don/Dona..... DNI..... NRP.....

Corpo ou escala..... Situación administrativa.....

Destino actual..... Localidade..... Provincia.....

Destinos que desempeña ou desempeñou		Forma de provisión ¹	Datos						Servizos					
Localidade/Provincia	Centro ou posto de traballo		Da posesión			Do cesamento			En propiedade			Interinos		
			Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano	Anos	Meses	Días	Anos	Meses	Días

Total de servizos contados ata o: 30 de setembro de 2005, para todos os corpos ou escalas.

Acredita.....anos.....meses.....días de servizos en totalde.....de .

D./a.....xefe de².....

CERTIFICA que os datos da presente folla de servizos concordan cos que figuran no expediente persoal do interesado arquivado nesta delegación provincial e cos documentos que exhibiu.

Visto e prace
O delegado provincial

O xefe de servizo ou sección

¹ En propiedade ou definitivo, en prácticas, interino ou en comisión de servizos.

² Xefe do servizo ou da sección da delegación que certifica.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 3 de abril de 2006 pola que se convocan axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros para o exercicio de 2006 e se modifica a do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros.

De acordo co establecido na Orde do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros parcialmente modificada pola Orde do 2 de decembro de 2004 (DOG nº 252) procede a convocatoria dun novo prazo de concesión de axudas para o exercicio 2006.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria de axudas.

Convócanse axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, que se rexerán polas bases e condicións de acordo co procedemento establecido na Orde do 28 de novembro de 2000 (DOG do 20 de decembro), parcialmente modificada pola Orde do 2 de decembro de 2004 (DOG nº 252), sendo o prazo de presentación de solicitudes, de acordo

coa Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma, de trinta e un días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Artigo 2º.-Crédito orzamentario.

A orde financiarase con cargo á aplicación 14.03.614B.770.1 do orzamento do ano 2006 cun importe de 14.072.120 euros.

Estes importes poderán ser ampliados en función da dispoñibilidade orzamentaria, sen que dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3º.-Modificación da Orde do 28 de novembro de 2000.

Modifícanse os seguintes artigos da Orde de 28-11-2000:

Artigo 10º.-Importe das axudas.

Na letra a) engádese un cuarto punto:

«-Buques de 10 anos ou máis, con reducións dun 25% ou máis do seu esforzo pesqueiro, de resultados da aplicación dun plan de recuperación adoptado polo Consello da Unión Europea: baremos dos puntos anteriores, de acordo coa idade do buque, aumentados nun 20%».

Artigo 11º.-Criterios de selección.

Queda redactado como segue:

«Os criterios de selección de expedientes de solitude de axudas están en relación coa finalidade

específica destas, de modo que son prioritarios aqueles expedientes que mellor a cumbran. Para tales efectos aplícase o baremo seguinte:

a) Buques incluídos no Plan de recuperación do fletán negro: 15 puntos.

b) Buques incluídos no Plan de recuperación da poboación sur de pescada europea e de langostino no mar cantábrico e no oeste da península ibérica: 10 puntos.

c) Buques incluídos no Plan de recuperación da pescada do Norte: 8 puntos.

d) Buques incluídos nos programas de acumulación de dereitos do Gran Sol: 6 puntos.

e) Resto de buques: 2 puntos

f) Por cada tramo ou parte de tramo de 5 anos de antigüidade do barco: 1 punto.

g) En caso de empate terá prioridade o buque máis antigo».

Artigo 13º.-Fase de selección.

Queda redactado como segue:

«1. Para participar na fase de selección deberase solicitar na forma e prazo que se indican a continuación.

2. Para a elaboración da proposta de concesión da axuda constituirase un órgano colexiado. A súa composición será a seguinte:

Presidente: director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca con voto de calidade.

Vogais: a subdirectora xeral de Estruturas Pesqueiras

A xefa de Servizo de Frota e os xefes de Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente.

3. A proposta elaborada de acordo co punto anterior e priorizada conforme o artigo 11º ata onde alcancen as disponibilidades orzamentarias, remitiraa a Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, á Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

Alcanzado o acordo entre ambas as administracións, a Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca elevará a proposta resultante para a súa resolución.

O importe dos sobrantes que puideran existir poderá adicarse á resolución de novos expedientes de axuda priorizados de acordo cos criterios do artigo 11º.

Artigo 14º.-Selección e prazo de presentación.

O derradeiro parágrafo queda redactado como segue:

«O prazo de presentación de solicitudes será de trinta e un días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria».

Disposicións transitorias

Primeira.-Para os efectos da presente convocatoria o prazo de presentación de solicitudes será de 31 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde.

Segunda.-Con efectos nesta convocatoria, exímese do requisito de presentar os documentos de autorización a que se refire o artigo 14º.A) letra d) da Orde do 28-11-2000, conxuntamente coa solicitude, debendo facelo coa documentación para o pagamento.

Terceira.-Para os buques de menos de doce metros de eslora total, e nesta convocatoria, o prazo para a materialización establecido no parágrafo primeiro do artigo 22 da orde reguladora redúcese a tres meses.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2006.

Carmen Gallego Calvar

Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 27 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro polo desenvolvemento de actividades relacionadas co ambiente, así como a súa convocatoria para 2006.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, amais do Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións que, en materia de ambiente e conservación da natureza, se establecen nos artigos 27.10º, 15º e 30º, así como no artigo 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, e demais normativa de aplicación, en especial na normativa sobre protección ambiental de Galicia.

Dentro das accións administrativas de fomento, tamén cómpre, ademais de facer os investimentos necesarios para a mellora das condicións ambientais do medio, desenvolver actividades que promovan a difusión das distintas políticas e programas de mellora e protección ambiental, a concienciación, en definitiva, da importancia que para o desenvolvemento económico e social ten, hoxe en día, o respecto do ambiente, variable coa que sempre hai que contar para pór en marcha calquera actividade económica; pois a do ambiente é unha política transversal, que ha de integrarse coas demais políticas sectoriais de